

## AVISO FITOSANITARIO CONTROL CARPÓFEGOS CASTAÑA



Os tortricido carpófagos *Pammene fasciana* e *Cydia splendana* causan importantes danos nas colleitas de castaña. As larvas destes insectos entran no ourizo cando aínda está en desenvolvemento alimentándose do interior da castaña.

### ***Cydia splendana***

Os adultos emerxen entre xullo e setembro e tras o apareamento as femias poñen os ovos na cara superior das follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas penetran no froito alimentándose e deixando gran cantidade de excremento no seu interior. O rematar o seu desenvolvemento, o cabo dunhas 3 semanas, as larvas caen ao chan onde elaboran un casulo



sedoso no que pasan o inverno. No mes de xullo crisalidan para alcanzar o estado adulto no verán.

### ***Pammene fasciana* (Tortricido precoz da castaña)**



Os adultos emerxen entre os meses de xuño e xullo, tras o apareamento as femias poñen os ovos nas follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas comezan alimentándose da folla para despois penetrar no froito e alimentarse de este barrenando o seu interior e expulsando os excrementos para fora. A larva vai cambiando de froito para asegurar o seu crecemento. O rematar o seu crecemento as larvas dirixense ata o tronco ou as ramas onde elaboran un casulo que pasan o inverno. Na primavera seguinte crisalidan para alcanzar o estado adulto.



## **ESTUDO DO CONTROL DE *CYDIA SPLENDANA* CON TRAMPAS DE FEROMONAS SEXUAIS**

Durante o mes de xullo colocáronse en colaboración con diferentes asociacións de produtores de castaña de Galicia, trampas con feromonas sexuais para a captura e seguimento de adultos. Periodicamente estase a revisar o número de individuos que caen en cada trampa para poder crear unha curva de voo que permita un mellor coñecemento do ciclo da especie.

Ademais vaise realizar un estudio en dúas de estas parcelas de castaño nos concellos de Antas de Ulla (Lugo) e Ríos (Ourense) para coñecer a eficacia de estas trampas de feromonas.

O estudio consiste na recollida de 100 castañas de cada un dos castiñeiros nos que se colocaron as trampas de feromonas sexuais e de outras 100 castaña noutro castiñeiro alonxado a lo menos 100 m. das trampas. Estes froitos manteranse durante un mes en embudes para contabilizar o número de larvas que emerxen. Posteriormente examínanse estas castañas para estudar o número de orificios de emerxencia, a cantidade de larvas sen emerxer e os restos da súa actividade. Tamén se estudiará como afecta a produtividade dos castiñeiros a captura de *Cydia splendana*.

